

Escultura

1921

10

2021



Estatua da España da antiga fonte da Praza Maior

Pedestal para a estatua da España 1929

Retirada do xardín da Praza Maior en 1914, anos despois decide colocarse a escultura principal da España na entrada do Parque. O pedestal completouse cos escudos das catro provincias de Galicia. No 2007 o pedestal foi destruído para montar unha reprodución da fonte orixinal.

Monumento ao alcalde Ángel López Pérez 1958


Proxecto e escultura: Francisco Asorey / Pedestal: Manuel Mallo Mallo

Inaugurado o día de San Froilán, honra a memoria de Ángel López Pérez, coñecido como "O merlo branco dos alcaldes" polas grandes melloras que a cidade experimentou nos seus mandatos tendo en conta a falta de fondos. No aspecto urbanístico tivo unha visión renovadora da cidade.

A fonte de Manuel Mallo Mallo 1954

Obra de Manuel Mallo Mallo

No lugar onde estivo a primeira fonte fíxose a pía circular da fonte actual e posteriormente a árbore en cuxas caras vanse alternado os dous motivos xacobeos, a vieira ou cuncha de peregrino, e a cruz de Santiago, e dous pratos que recollen a auga.



Monumento adicado ao Alcalde Ángel López Pérez

Busto de Rosalía de Castro 1971

Obra de Manuel Mallo Mallo.

Escultura intencionadamente modesta para que a presenza de Rosalía, no parque que leva o seu nome, tivese un sentido didáctico e poético, pero sen buscar espectacularidade.

A aguia do Bimilenario 1975

Obra de Santiago de Santiago Hernández

En 1975 polo bimilenario da fundación da cidade levantouse un monumento na Pr. de Santo Domingo formado por unha columna sobre a que descansa unha aguia imperial. O bosquexo orixinal



A comitiva na entrada do parque de volta da inauguración o 5 de outubro de 1958. Na primeira fila de dereita a esquerda: Ramiro Rueda Fernández, alcalde; Ángel López Pérez, homenaxeado; Enrique Otero Aenlle, gobernador civil; Francisco Velayos Pérez Cardenal, e Nestor Vila Barreiro, concelleiros



O monumento a Rosalía é obra de Manuel Mallo


tiña as ás despregadas pero por temor aos vendavais a derrubasen, fíxose con elas pregadas. As críticas fixeron que se substituíse por outra coas ás despregadas.

17 anos despois, en 1993, ampliouse o proxecto das Costas do Parque contemplando a colocación duns bloques de granito para a escultura da primeira aguia, depositada nun almacén municipal. As pedras de asento e ornamentación encargáronse a Manuel Mallo Mallo. Son dez bloques de granito e na parte superior dunha ancorouse a aguia, creando un escenario salvaxe, acorde co hábitat da ave.



Escanéame para leerme en castellano!


Concello de Lugo
ALCALDÍA
Medio Ambiente



LUGO
cidade viva